



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira , na provincia de A Coruña.

Téndose elaboradas as Bases para a contratación laboral temporal de varios profesores da Escola Municipal de Música do Concello de Negreira para o curso 2020-2021, debido á imperiosa necesidade da prestación dos servizos que son obxecto das prazas para poder prestar os servizos que lle son propios á Escola Municipal de Música deste Concello.

Considerando os Informes emitidos tanto por Secretaría como por Intervención de data, ámbolos dous, 1 de setembro de 2020.

Considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as Bases para a contratación laboral temporal de varios profesores da Escola Municipal de Música do Concello de Negreira para o curso 2020-2021, contidos no Anexo a este Decreto.

Segundo.- Que se realicen as actuacións que cumpran de acordo coas Bases indicadas no punto anterior.

Terceiro.- Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE VARIOS PROFESORES DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE NEGREIRA PARA O CURSO 2020-2021

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

É obxecto das presentes bases, establecer os criterios do proceso de selección para a contratación dun profesor/a de FLAUTA TRAVESA e dun profesor/a de CLARINETE para prestar servizos na Escola Municipal de Música do Concello de Negreira.

O contrato será contrato laboral de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo ou parcial, en función do número de alumnos/as matriculados/as en cada especialidade, dende 1 de outubro de 2020 ao 30 xuño de 2021

a.- Profesor/a de FRAUTA TRAVESA

Obxecto da contratación:	Impartición clases de FLAUTA TRAVESA no curso 2020-2021
Tipo de contrato:	Temporal
Denominación do posto:	Profesor/a da Escola Municipal de Música de Negreira
Especialidade:	FRAUTA TRAVESA
Categoría:	Profesor Escuela de Música (Grupo II)
Xornada:	A xornada establecida irá en función dos/as alumnos/as matriculados/as
Salario	En ausencia de Convenio Colectivo aprobado para persoal laboral aplícase por similitude aos/as traballadores/as do Concello de Negreira de mesma categoría e nivel profesional.
Duración:	Curso 2020-2021 (do 1 de outubro de 2020 a 30 de xuño de 2021)



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

O cometido funcional do posto de profesor/a de FRAUTA TRAVESA, consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias de FRAUTA TRAVESA.

b.- Profesor de CLARINETE

Obxecto da contratación:	Impartición clases de CLARINETE no curso 2020-2021
Tipo de contrato:	Temporal
Denominación do posto:	Profesor/a da Escola Municipal de Música de Negreira
Especialidade:	CLARINETE
Categoría:	Profesor Escuela de Música (Grupo II)
Xornada:	A xornada establecida irá en función dos/as alumnos/as matriculados/as_
Salario	En ausencia de Convenio Colectivo aprobado para persoal laboral aplícase por similitude aos/as traballadores/as do Concello de Negreira de mesma categoría e nivel profesional
Duración:	Curso 2020-2021 (do 1 de outubro de 2020 a 30 de xuño de 2021)

O cometido funcional do posto profesor/a de CLARINETE consistirá na realización das funcións propias da praza, que serán as tarefas de impartir clases das materias de CLARINETE.

Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

3ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.

b) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

e) Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 4, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditarla documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto Base 7ª, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

f) Estar en posesión do título superior da especialidade para a que se presenta, no caso de titulacións obtidas no estranxeiro será necesaria a acreditación da correspondente homologación.

4ª. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As solicitudes/instancias para formar parte do proceso selectivo presentaranse, conforme ao modelo que figura como ANEXO destas bases, no rexistro xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas, no prazo de **sete (7) días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web do Concello de Negreira. Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo, enviado copia da instancia á dirección de correo electrónico deste Concello de Negreira que é a seguinte: concello@concellodenegreira.es, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. En caso contrario, quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

Xunto coa solicitude/instancia (Anexo asinado), os/as aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos na Base 3ª.
- Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que lle sexa requiridos.
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes.
Non se valorarán os méritos que non estean debidamente presentados dentro do prazo de presentación da solicitude.
- As persoas con diversidade funcional deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.
- Acreditación da titulación prevista no punto f) da Base 3ª.

5ª. -ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará na páxina web do Concello de Negreira, indicarase o DNI das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, e concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso.

No caso de que non existan aspirantes excluídos, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos achegados dentro do prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate do prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as; na mesma, determinarase o lugar, data e hora de comezo do proceso selectivo, así como a composición definitiva do Tribunal. Esta resolución publicarase na páxina web municipal.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal, estará conformado polos seguintes integrantes

Presidente/a
2 Vogais.
Secretario/a, con voz e voto

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de dous dos seus membros, titulares ou suplentes máis o Secretario/a, sexa o/a titular ou suplente.

De todas as reunións que celebre o Tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorran estas circunstancias.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo ilo, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (recadando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte de asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos)

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ ou substitutiva) En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

7ª.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, a publicar na web municipal, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Os sucesivos anuncios sobre puntuación e realización das probas da fase de concurso e de oposición, así como aqueles outros anuncios que poidan proceder, efectuarase na web municipal. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio, agás o que, de ser o caso, se deba realizar para a acreditación do coñecemento do galego (no que os/as aspirantes serán cualificados como apto ou non apto).

Os/as aspirantes terán un prazo de dous días hábiles dende a publicación dos acordos do Tribunal para presentar reclamacións que consideren oportunas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

O Tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar **ata un máximo de 27 puntos**, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

A. FASE DE OPOSICIÓN, ATA UN MÁXIMO DE 20 PUNTOS. (74%)

Consistirá na realización de tres probas:

1ª Proba específica instrumental: O/a aspirante deberá vir provisto de fotocopia de dúas obras de diferentes estilos.

Esta proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Para superar esta proba é preciso acadar un mínimo de 5 puntos e valorarase de 0 a 10 puntos.

2ª Proba Didáctica: Os/as candidatos/as terá que traer preparada a impartición dunha clase da especialidade a cal se presenten para explicarlle aos membros do tribunal nun tempo de 5 minutos.

Esta programación deberana traer impresa o día da proba e quedará en poder do tribunal.

A proba didáctica é de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Para superar esta proba é preciso acadar un mínimo de 5 puntos e valorarase de 0 a 10 puntos.

3ª Proba de Galego: As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao Tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinarase o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 4.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a cualificación de apto, dado que non cumprían o requisito esixido no apartado e) da Base 3ª.

B. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS, ATA UN MÁXIMO DE 7 PUNTOS. (26%)



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 5 puntos.

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes: 0,20 puntos por mes de servizo acreditado.

Forma de acreditación dos servizos: fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa onde se recolla o Grupo ea categoría profesional, así como o posto de traballo desempeñado. Tamén se permite presentar xunto cos contratos de traballo as certificacións de servizos prestados onde se reflexe o anterior, así como a duración do mesmo, e as funcións desempeñadas polo traballador/a.

Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión. A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

b) Formación, ata un máximo de 2 puntos.

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración pública e relacionados co posto de traballo a maiores da titulación esixida. Se a duración se establece en créditos, cada crédito equivale a 10 h.

a) Cursos de 200 horas ou máis: 1 puntos.

b) Cursos de 100 a 199 horas: 0.75 puntos.

c) Cursos de 50 a 99 horas: 0,50 puntos.

8ª.- RESOLUCIÓN

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas en cada fase do proceso selectivo. No caso de empate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición e, de ser preciso, nos sucesivos, segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase polo maior tempo sen traballar do/a aspirante que se acreditará coa vida laboral. O Tribunal sinalará os candidatos ou candidatas que deben presentar o informe de vida laboral. O Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente na páxina web do Concello de Negreira, propoñendo a Alcaldía do Concello persoas seleccionadas e ás persoas que formarán parte da bolsa de traballo por orde decrecente, establecendo un prazo de dous días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren reclamacións, reunirase novamente o Tribunal para resolvelas. Os candidatos, por orde decrecente, no caso de existir varias vacantes, seleccionaran o contrato que consideren máis convinte. A proposta do Tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase telefonicamente ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral, deixando constancia do resultado do chamamento pola persoa que o realiza.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

9ª.- NORMATIVA APLICABLE.

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

10ª.- RECURSOS.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución. Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

ANEXO.—MODELO DE SOLICITUDE

POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA:.....

I.- DATOS PERSONAIS

Apelidos e nome:.....

DNI.....

Data de nacemento.....

Enderezo.....

Localidade.....

Provincia.....

Teléfonos de contacto.....

Correo electrónico.....

EXPÓN

Que vista a convocatoria anunciada nopara a contratación de persoal laboral temporal para a Escola Municipal de Música de Negreira.

SOLICITA

Ser admitido/a para participar no proceso selectivo referenciado.

Se acompaña a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 das mesmas.
- Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que lle sexa requiridos.
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente presentados dentro do prazo de presentación da solicitude.
- As persoas discapacitadas deberán facelo constar nas súas instancias sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente.
- Acreditación da titulación prevista no punto f) da Base 3ª

En Negreira, a ... de setembro de 2020

Asdo:.....

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

**Negreira,
O alcalde
Manuel Ángel Leis Míguez**